



# ACTIVIDADES



**rodeira**





# Actividades




1. Observa a portada do libro *Rei* e completa a táboa. Despois, en grupos, compartide as vosas impresións.

<p>Que pensas ao leres o título da portada?</p>	<p>Que ideas che veñen á cabeza cando ves a imaxe?</p>	<p>Enumera os debuxos, personaxes e cores que ves.</p>
<p>A miña predición: creo que o libro vai tratar sobre... Porque...</p>		

2. Coñeces o significado da palabra indixente? Elabora unha definición cos teus compañeiros/as. Despois, buscade o seu significado no dicionario e comparádeas coa vosa.

3. Escribe no teu caderno aquelas palabras que atopas na lectura e descoñezas o seu significado. Ao rematar o libro, con estas palabras, elaborade uns pictogramas en pequenos grupos.



**4.** Pegadas correctas. Responde ás preguntas, para cada pregunta que respondas correctamente, colorea unha pegada, a ver ata onde chegas!

\* Como se chama o señor que volve á casa coa súa nai?

\* Como describía Rei a Ulric?

\* Cal foi a situación que provocou que Rei se fose da casa?

\* Que tempo facía cando Rei marchou da casa?

\* Mentres fuxía, Rei topouse con dous personaxes, lembrás quen eran? Cales eran os seus nomes?

\* Tarabelo quería adoptar a Rei como mascota, pero, por que Rouco non quería?

\* Por que botou Rei a correr?

\* Que foi o primeiro que viu cando espertou a primeira noite?

\* Por que a chamou Daia?

\* O primeiro lugar que visitou foi a estación. A quen buscaba?

\* Na estación topouse cunha anciá cun gorro de la vermello. Que quería a señora?



5. Adestra a túa creatividade. Ao longo do libro, o autor describe o lugar onde Rei se acubilla cada noite. As emocións adoitan facernos percibir as cousas dun xeito diferente. Se estamos contentos, o lugar é agradable, pero se estamos tristes, todo se torna un pouco máis escuro. Pensa nas diferentes emocións polas que pasa Rei, serías quen de debuxar o oco das vías do tren dando resposta ao estado emocional do protagonista.

Como cres que ve e sente o oco das vías as primeiras noites?

Emocións:

Como cres que ve e sente o oco das vías cando comeza a sentir a compañía dos cans?

Emocións:

6. O teu nome nun acrónimo. Escribe o teu nome no caderno e, partindo das túas letras, escribes unha característica ou calidade que tes. Por exemplo:

D eportista  
A yudar  
Sin N cero  
Am I gos  
R E ir  
Esca L ar

**7.** Responde as seguintes preguntas seleccionando a resposta correcta

- \* O amigo de mamá chámase:
  - a. Rouco.
  - b. Ulric.
- \* O neno dorme todas as noites en:
  - a. As vías do tren.
  - b. Na estación.
- \* Os mendigos danlle:
  - a. Unha manta.
  - b. Unha codia de pan.
- \* Que asustaba a Rei polas noites
  - a. O son da escuridade.
  - b. Os ladridos dos cans.
- \* O nome dos cans era:
  - a. Orellas, Rouco, Daia, Bravo, Galga, Escavadora, Chosco.
  - b. Daia, Bravo, Galga, Escavadora, Chosco.
- \* Cantos cachorros tivo Daia?
  - a. 9.
  - b. 6.
- \* Como era a nena?
  - a. Tiña o pelo ondulado, longo e con floco.
  - b. Cara ancha coma unha fogaza e mans brancas e redondas coma un bolo.
- \* A nena do balcón tiña un:
  - a. Gato que se chamaba Svetlana.
  - b. Can que se chamaba Svetlana.
- \* Quen é *mamochka*?
  - a. A avoa da nena.
  - b. A nai.
- \* Que lle ocorre a Daia?
  - a. Dórmena cun anaco de carne.
  - b. Dispáranlle.
- \* Masha non entendía a Rei
  - a. Porque falaba outro idioma.
  - b. Porque había tempo que non falaba con ninguén.



**8.** Convértete nun detective! Como es de rápido? Vai ao capítulo catro deste libro, busca e escribe no teu caderno tres palabras que:

• Sexan verbos:

• Sexan adxectivos:


• Agudas:

• Graves:

• Esdrúxulas:

• Hiatos:

\* Canto tempo tardaches?




9. Detente a pensar no significado destas palabras. Sabes o que significan? Escribe nunha folla do teu caderno unha oración con cada unha delas. Que tipo de palabras cres que son?

MELINDROSO, DESASTRADO, CELLO, PODREMIA, RAPOSEIRO E FURIBUNDA

Agora busca un compañeiro/a e poñede en común as vosas frases. Se tendes dúbidas, buscade as palabras no dicionario. Que tipo de palabras cres que son?

- \* Fai un debuxo no que retrates unha persoa ou animal onde exprees estas palabras.



- 1o.** Forma un equipo de catro persoas e xuntos reflexionade sobre esta expresión e responde estas preguntas.

TRATÁBANME COMA UN CAN SEN DONO

\* Escoitastes algunha vez esta expresión?

\* Que significa? A que se refire?

\* Como vos fai sentir esta expresión?

\* Sentístesvos así algunha vez? Por que?

- II.** Ao longo da historia son varios os cans que acompañan a Rei. Fai un debuxo ou caricatura onde aparezan todos os cans. Tenta captar as características que Rei ve neles.

\* Por que cres que a autora escolle cans como os personaxes que acompañan a Rei nesta historia?

- 12.** Investiga. Esta novela está baseada nunha historia real, fala de nenos criados e acollidos por cans. O máis coñecido é Ivan Mishukov.

Escribe unha noticia para o sitio web da escola. A Noticia é un texto non literario no que se relata un feito. Para redactar unha noticia é moi importante:

- Buscar e seleccionar información sobre o feito que queremos narrar.
- Redactar a noticia con precisión, coidando a ortografía e a puntuación.

### NOTICIAS

**13.** O mundo ao revés. Nesta actividade cambiaremos a orde lóxica que utilizamos sempre. É dicir, terás que formular as preguntas para estas respostas.

- \* Os nenos da estación.
  
- \* Aqueles cans eran a súa familia.
  
- \* Nas vías do tren.
  
- \* Bravo e Daía.
  
- \* Foron ao canellón buscar comida.
  
- \* Un coche Lada Niva de cor amarela.
  
- \* Ámbar.
  
- \* Unha colección de soldados de xoguete.
  
- \* Egor e María.
  
- \* A dor converteuse en rabia e Rei comezou a golpear os policía e a ouvear.

**14.** Seguramente, na lectura apareceron palabras que non coñecías. Completa este encrucillado para aumentar o teu vocabulario.

\* VERTICAL

1. Quen fala fungando.
2. Facer un ruído agudo, continuado e desagradable, xeralmente ao rozar con outra cousa.
3. Parte dun porto protexida artificialmente apta para a ancoraxe e carga e descarga de embarcacións.
4. Mirar ou tratar con piedade.
5. Son do can cando o maltratan.
6. Examinar, indagar e constatar coidadosamente algo e as súas circunstancias.
7. Parte inferior do tellado, que sae fóra da parede e que serve para desviar dela as augas pluviais.
8. Canalla, astuto, disimulado e rápido en advertilo todo.
9. Insuficiente, escaso.


\* HORIZONTAIS

1. Xemir insistentemente e con pouca forza, por causa menor.
2. Desprenden gases, vapores ou cheiros.
3. Desafortunado, infeliz. Dito dunha persoa; esfarrapado e descoidado.
4. Tomar ou coller coa man e, en xeral, tomar, coller, prender.
5. Cabeleira longa.
6. Mover ou sacudir algo dunha parte a outra. Especialmente falando de líquidos.
7. Barra metálica que serve de guía a un mecanismo, como o que corre e descorre as cortinas.
8. Oposición ou contradición entre dúas cousas.
9. Que non se ve afectado nin conmove.
10. Vento que sopra con moita forza.
11. Enfadado, colérico, moi propenso á ira.





15. Nesta actividade adestrarás a túa velocidade á hora de rastrexar e localizar letras. Observa o recadro azul, pon o cronómetro e conta cantas veces se repiten as letras. Anota canto tempo che levou. Cando remates, fai un descanso dun minuto e fai o mesmo co laranxa, anotando o novo tempo.

\* Cantas veces se repiten estas letras?



G	M	N	Ñ	S	V	X	Z	W	H
R	M	Ñ	D	T	B	L	N	O	X
B	C	D	E	F	G	S	T	U	V
F	G	H	I	A	B	X	Y	Z	M
P	T	K	B	D	G	I	U	V	L
T	M	O	P	Q	S	T	R	M	N
A	B	C	D	E	F	G	H	I	J
K	L	M	N	O	P	Q	R	S	T
B	D	G	P	T	K	L	R	S	J
P	B	O	A	I	S	J	D	P	M

r	s	t	u	v	x	y	z	j	k
c	b	p	t	k	j	i	s	t	u
m	n	b	s	t	n	a	l	p	ñ
o	d	b	g	ñ	a	o	i	r	x
a	b	d	c	d	e	f	g	h	i
g	k	l	m	n	ñ	o	p	q	r
s	t	u	v	x	y	z	p	n	j
s	u	e	r	t	e	l	m	s	t
j	h	p	d	p	t	p	l	m	n
l	s	t	d	a	o	u	r	t	z





**16.** Daia e Bravo son líderes? Que é ser un líder? Que calidades debe ter un líder? Busca no libro unha ou dúas accións nas que recoñezas o liderado de Daia e Bravo. Busca un compañeiro/a, comparte as túas respostas e reflexiona sobre as seguintes preguntas.

\* Cal é a diferenza entre ambos? Detédevos un momento e pensade na vosa clase.

- Hai algún líder?
  
- Que características ten que che fan pensar que sexa un líder? Por que?
  
- Existen os líderes negativos? Se existen, que características teñen?

**17.** Un amigo é un tesouro.


«Os grandes amigos son os que o demostran nos momentos máis difíciles».

Escribe unha oración na que expliques o que é para ti a amizade

Escribe dentro do cofre o nome de 4 amigos



Dentro de cada moeda escribe un talento ou algo que valores dos teus amigos



- 18.** Buscando xuntos o significado. Para esta actividade, busca unha parella coa que traballar na seguinte táboa. Escríbide unha definición para estas palabras e elaborade unha oración onde a empreguedes. Se non coñeces a palabra, buscádea no dicionario.

DEFINICIÓN ORLAR:

ORACIÓN:

DEFINICIÓN ESCUDRIÑAR:

ORACIÓN:

DEFINICIÓN RUCAR:

ORACIÓN:

DEFINICIÓN BREQUE:

ORACIÓN:

DEFINICIÓN MUSGAR:

ORACIÓN:

\* Unha vez rematedes, reflexionade sobre como traballastes.

- Como vos organizastes para traballar xuntos?
- Tiveches algunha dificultade para facelo? Cal?
- Como o resolvestes?

- Como vos sentistes traballando xuntos?
- Que mellorariades da vosa forma de traballar en equipo?

**19.** E se fose eu? Ponte no lugar destes personaxes e responde ás preguntas:

- \* Como cres que se sentía Rei?
- \* Cres que tivo medo?
- \* Que cres que sentiu cando viu á nena?

**20.** Tira o dado e a xogar. Forma un equipo de catro ou cinco persoas. Para este exercicio, precísase un dado. Por quendas, tirade o dado e continuade a frase, non vale repetir. (Algúns exemplos)

\* Este libro trata sobre....

\* Gustoume cando...

\* Do final cambiaría...

\* Este libro lémbreme a...

\* Non me gustou cando...

\* Imaxino...